

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONUI0RQ	<i>Expediente</i> CON/104/2010	<i>Fecha</i> 16-06-10 10:20

*Asunto*  
Servizo de vixilancia das instalacións da UMAD

## **PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS QUE DEBEN REXER A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NAS DEPENDENCIAS DA UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato é atender a vixilancia e seguridade da sede da Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias (UMAD), situada na rúa Manuel María 8, en Santiago de Compostela.

### 2.- DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO.-

A prestación do servizo comprenderá fundamentalmente a vixilancia e protección de bens móbeis e inmóbeis que comprenden a sede da UMAD, o control das persoas que accedan á ela, a protección das persoas que poidan atoparse dentro dela, así como a custodia en lugar seguro de chaves e demais útiles que se lle confíe.

#### 2.1.- Plan de Seguridade.-

Previo o comezo da prestación do servizo, a empresa que resulte adxudicataria deberá confeccionar un plan de seguridade específico para o edificio, que terá que contar coa conformidade da xefatura da área social e que recollerá a forma en que se aplicarán as condicións recollidas neste Prego e o cumprimento das Normas de Funcionamento Interno redactadas polos responsábeis da área.

#### 2.2.- Vixilancia das sedes.-

Os vixiantes de seguridade deberán comprobar periodicamente o estado das instalacións e inmóbeis obxecto da contratación, tendo especial atención coa apertura e peche de portas, luces, instalacións de climatización, reixas, sumidoiros de pluviais etc.

Colaborarán co persoal municipal no control das persoas que poidan acceder ao centro e serán os vixiantes de seguridade os encargados da identificación das persoas.

Os vixiantes de seguridade deberán colaborar coa UMAD nas tarefas de prevención de riscos laborais mediante a súa participación activa nos Plans de Emerxencias, Intervención, Comunicación, Evacuación, etc.

O persoal de vixilancia deberá realizar todo tipo de funcións ou misións encamiñadas a evitar calquera acto delituoso que se puidese levar a cabo nas instalacións obxecto deste Prego, debendo poñer en coñecemento da xefatura da UMAD, de forma inmediata, calquera incidente relacionado con estas funcións.

### 3.- PERSOAL NECESARIO.-

A empresa adxudicataria empregará para o desenvolvemento do servizo de vixilancia persoal de seguridade debidamente uniformado e identificado debendo estar en posesión da correspondente habilitación outorgada polo Ministerio de Interior. Este persoal deberá reunir as condicións e cualificacións necesarias para o bo cumprimento da súa misión de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 23/1992 de 30 de xullo, de seguridade privada e modificacións posteriores.

O servizo de vixilancia efectuarase no edificio de referencia por medio dun vixiante de seguridade sen arma, en horario de luns a venres laborais de 8.00 horas a 15.00 horas e de 16.00 horas a 19.00 horas.

### 5.- CONDICIÓNES XERAIS

A empresa adxudicataria farase cargo dos salarios, seguros sociais, vacacións e demais dereitos que a lei lles outorga aos empregados que realicen os servizos, estando obrigada a subrogarse nos contratos dos traballadores adscritos ao lugar de traballo e ás súas posibles modificacións, nos

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONUI0RQ	<i>Expediente</i> CON/104/2010	<i>Fecha</i> 16-06-10 10:20

casos en que varíen as condicións destes (número de traballadores, xornada de traballo, horarios, etc), na aplicación da lexislación vixente.

Cando a prestación do servizo non se estea realizando de maneira axeitada, o Concello poderá esixirle ao adxudicatario a substitución de calquera traballador dos asignados ao contrato.

A empresa que resulte adxudicataria deberá cubrir a ausencia de calquera dos operarios antes indicados, tanto se é de natureza ordinaria (vacacións, permisos etc.) como as de carácter extraordinario (enfermidade, formación, absentismo etc.). Co obxecto de obter a conformidade esta substitución, deberá achegar á UMAD, cunha antelación mínima de 72 horas, toda a documentación relativa ao novo traballador.

Ademais da vixilancia e seguridade de tipo presencial descritas nos puntos 4.1 e 4.2, e co fin de atender calquera incidencia e/ou emerxencia que puidese xurdir en todo ao relacionado co servizo que se contrata, a empresa designará unha persoa para estar a disposición da UMAD as 24 horas do día todos os días do ano para atender con urxencia calquera incidencia que se detecte nas centrais de alarmas emisora e receptora, para iso, a UMAD entregará un xogo de chaves das portas. Así mesmo, esta persoa, que deberá posuír os coñecementos axeitados, tanto os técnicos da actividade que hai que desenvolver como os obrigados polos termos desta contratación, e contará cos apoderamentos suficientes para adoptar as resolucións necesarias en cada momento, deberá realizar cantas visitas sexan necesarias (mínimo unha cada quince días) para efectuar o control e seguimento do servizo, debendo informar persoalmente nesa visita, aos responsábeis da UMAD, do seu funcionamento. Esta mesma persoa viviará o cumprimento das obrigas do persoal ao seu cargo fundamentalmente no relativo á prestación do servizo (permanencia no seu posto de traballo, roldas, etc.)

A empresa adxudicataria deberá presentarlle á UMAD, antes do día 10 de cada mes, un informe relativo ao desenvolvemento do servizo con indicación das incidencias producidas no mes anterior.

A empresa adxudicataria deberá achegar, ademais dos uniformes e dotacións regulamentarias que ten que usar o persoal de vixilancia, os oportunos instrumentos de control, comunicación etc. que sexan necesarios para a correcta prestación do servizo. A empresa adxudicataria deberá dispoñer de delegación de zona con oficina, representación etc. na provincia da Coruña.

#### 6.- COBERTURA DE RISCOS.-

Os posíbeis danos de carácter físico ou material, así como as indemnizacións que puidesen producirse a terceiros no exercicio das tarefas recollidas no presente Prego de Prescricións, deberán atoparse cubertos pola empresa adxudicataria mediante a correspondente póliza de responsabilidade civil.

#### 7.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

A empresa que resulte adxudicataria deberá estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, en especial ao recollido na Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais e modificacións posteriores.

Nun prazo non superior a trinta días naturais desde que se lle comunique a adxudicación do concurso obxecto deste Prego, a empresa deberá achegarlle á UMAD a documentación relativa á Avaliación de Riscos e Plans de Prevención de todos os postos de traballo necesarios para a prestación do servizo.

Antes do comezo da súa actividade terá que comunicarlle á UMAD o nome da persoa que actúe como Delegado de Prevención.